

MODELO ORIENTATIVO DE MEMORIA DO PROXECTO

Axudas á transformación dixital das pemes IG300C 2026

Importante. A memoria debe centrarse no esencial: explicar o proxecto, a súa implantación real e a súa relación cos criterios de valoración. Non se recomenda incluír información comercial, repetitiva ou superflua. A ausencia dunha memoria técnica ou a presentación dunha memoria ilexible pode impedir a valoración adecuada do expediente.

O uso deste modelo non é obrigatorio, pero recoméndase para facilitar a comprensión e baremación do proxecto. A memoria poderá redactarse con outra estrutura, sempre que permita identificar con claridade os elementos necesarios para a valoración conforme ao artigo 6 das bases reguladoras e para comprobar o encaixe do proxecto no artigo 1 e nos conceptos subvencionables do artigo 5.

Que debe permitir comprender a memoria?

- quen é a empresa solicitante, onde se executa o proxecto e cal é o proceso, área, función ou interacción sobre a que ten lugar o proxecto;
- que tipoloxía principal de proxecto se propón e que tipo de proxecto (tipo 1, 2, 3) resulta polo importe subvencionable;
- cal é a situación de partida e que problema, necesidade ou oportunidade se pretende abordar;
- que solución dixital se vai implantar, con que alcance funcional e por que encaixa coa realidade da empresa;
- como se executará o proxecto, con que recursos, provedores, fases, fitos e prazo;
- que investimentos, servizos, licenzas ou conceptos asociados son necesarios e como se relacionan coas actuacións;
- cando existan investimentos materiais ou inmateriais que poidan resultar subvencionables ao abeiro do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 651/2014, que a memoria permita identificar se están vinculados á creación dun novo establecemento, á ampliación dun establecemento existente, á diversificación da produción ou prestación, ou a unha transformación fundamental do proceso global afectado;
- que resultados verificables se esperan tras a posta en funcionamento en contorna real;
- e, se procede, como se acredita o encaixe nun sector industrial estratéxico, nun concello emprendedor ou a coordinación por un hub de innovación dixital.

Instrución xeral de uso

Aspecto	Orientación
Como redactar	Sexa claro, concreto e ordenado. Evite textos excesivamente longos e non dea por suposto que o órgano avaliador coñece a realidade da empresa.
Ata onde chegar	Explique o suficiente para comprender o proxecto, verificar a súa elixibilidade e baremalo. Só inclúa anexos, esquemas ou aclaracións adicionais cando melloren realmente a comprensión.
Coherencia documental	A información esencial debe ser coherente entre memoria, formulario,

	orxamentos, ofertas e resto da documentación achegada.
Proporcionalidade	A extensión e detalle da memoria deben ser proporcionados ao importe, complexidade e alcance funcional do proxecto.

0. Contexto básico da empresa

Indique brevemente a actividade principal da empresa, o sector no que opera, os produtos, servizos ou procesos principais, o centro de traballo de Galicia no que se vai desenvolver o proxecto e o proceso, área, función ou relación con terceiros afectada pola actuación.

Cando sexa relevante para comprender o proxecto, indique tamén a dimensión aproximada da empresa, a súa estrutura organizativa vinculada ao proxecto, os sistemas dixitais actuais e a relación da actuación coa súa actividade económica.

Orientación: este apartado debe ser breve. O seu obxectivo é situar o proxecto e facilitar a comprensión da memoria, non reproducir unha presentación comercial da empresa.

1. Encaixe do proxecto nas bases: modalidade, tipoloxía e tipo

Identifique a tipoloxía principal na que se encadra o proxecto. Se o proxecto inclúe actuacións que poderían relacionarse con varias tipoloxías, explique cal é o obxecto principal e por que esa é a clasificación proposta.

Campo	Información que convén indicar
Modalidade do proxecto	Proxecto individual presentado por unha peme.
Tipoloxía principal	1ª Interfaces e canles dixitais; 2ª Dixitalización e automatización de procesos; 3ª Sistemas de xestión integral; 4ª ASG instrumentado por tecnoloxía; 5ª Ciberseguridade para a operación dixital; ou 6ª Mellora da función loxística.
Tipo de proxecto	Tipo 1: importe subvencionable inferior a 50.000 €; Tipo 2: de 50.000 € a 120.000 €; Tipo 3: superior a 120.000 €.
Importe mínimo	O importe subvencionable mínimo debe ser de 12.000 €.
Centro de execución	Centro de traballo en Galicia no que se implanta ou utiliza a solución.

Explique tamén por que o proxecto consiste nunha implantación efectiva dunha solución ou sistema, coa súa posta en funcionamento en contorna real e con resultados verificables. Non deben formularse proxectos consistentes exclusivamente en estudos, análises, diagnósticos, plans, memorias ou deseños sen desenvolvemento e implantación efectiva.

Orientación: o Igape poderá reclasificar de oficio a tipoloxía ou o tipo do proxecto se a clasificación proposta non resulta correcta. Por iso convén que a memoria deixe claro cal é o obxecto principal e o alcance funcional real da actuación.

2. Situación de partida, análise previa e obxectivos do proxecto

Explique que se quere facer na empresa e cal é a situación de partida do proceso, área, función ou interacción que se vai dixitalizar, automatizar, integrar, protexer ou mellorar.

Indique como se realiza actualmente o proceso, que problema, necesidade ou oportunidade se pretende abordar, cales son as causas, limitacións ou ineficiencias detectadas e que impacto actual teñen na empresa ou na súa relación con terceiros.

Formule os obxectivos do proxecto de maneira expresa e concreta. Sempre que sexa posible, os obxectivos deberían gardar relación directa co problema detectado, ser específicos e poder comprobarse ao remate do proxecto.

Orientación: non abonda con fórmulas xenéricas como “mellorar a competitividade” ou “avanzar na dixitalización”; cómpre explicar que se pretende mellorar, en que ámbito e con que efecto esperado.

3. Alcance, actuacións, entregables e adecuación da solución á empresa

Descrba as actuacións previstas, indicando tarefas principais, fases ou bloques de traballo, entregables ou resultados materiais, alcance funcional da solución e procesos, áreas ou ámbitos da empresa afectados.

Explique por que a solución proposta se considera adecuada para a empresa, como se adapta ao seu modelo de negocio e á súa operativa real e por que responde á necesidade detectada.

Cando proceda, detalle a integración con sistemas internos, a interacción dixital con terceiros, o intercambio automatizado de datos, a captación e explotación de datos, a posta en produción, a configuración inicial, as probas de funcionamento e o alcance final que quedará operativo.

No caso de proxectos de interfaces ou canles dixitais, indique as funcionalidades operativas ou transaccionais previstas e evite formular actuacións meramente informativas, promocionais ou de marketing. No caso de ciberseguridade, ASG ou loxística, explique o alcance funcional propio da solución e as evidencias de posta en funcionamento que se poderán comprobar.

Orientación: este apartado debe centrarse no encaixe real da solución coa empresa. Non é necesario incorporar descrições comerciais extensas da tecnoloxía; o importante é explicar que queda implantado, para que serve e como se integra coa operativa da empresa.

4. Organización, planificación e viabilidade de implantación

Descrba de forma clara e sintética como se vai executar o proxecto, indicando o cronograma básico, a duración estimada, as fases ou bloques principais de traballo, os fitos máis relevantes e a secuencia lóxica das actuacións previstas.

Explique que recursos humanos ou organizativos intervirán na execución do proxecto, sinalando, cando resulte posible, que funcións, áreas ou responsables internos participarán na implantación, así como o papel dos provedores ou terceiros.

Indique brevemente que medios propios da empresa permitirán asumir a implantación no prazo previsto e garantir a utilización da solución. Poderán mencionarse condicionantes, dependencias ou riscos previstos, así como a forma en que se prevé xestionalos.

Orientación: o importante é que a planificación resulte coherente co alcance e coa complexidade do proxecto, e que poida apreciarse que a empresa pode asumir razoablemente a execución e a posta en funcionamento da solución.

5. Investimentos, servizos e adecuación económica do proxecto

Explique de forma resumida as principais partidas ou conceptos de gasto e a súa relación coas actuacións previstas, de maneira que poida entenderse para que serve cada partida e por que é necesaria para o proxecto.

Investimentos materiais e inmateriais

Cando existan investimentos materiais ou inmateriais, indique a súa relación directa coa implantación da solución e, se procede, que serán activos novos adquiridos en propiedade e incorporados ao activo da

empresa. No caso de software, diferencie implantación, parametrización, configuración, desenvolvemento, migración, instalación, posta en marcha e licenzas non temporais.

Cando o proxecto inclúa investimentos materiais ou inmateriais que poidan resultar subvencionables ao abeiro do artigo 17 do Regulamento (UE) nº 651/2014, deberá explicarse de forma breve e concreta a súa relación cun investimento inicial no establecemento no que se vai executar o proxecto.

Para estes efectos, indicárase se os investimentos están vinculados a algún dos seguintes supostos:

- creación dun novo establecemento;
- ampliación dun establecemento existente;
- diversificación da produción dun establecemento en produtos ou servizos que anteriormente non se producían ou non se prestaban nel;
- transformación fundamental do proceso global de produción do produto ou produtos ou da prestación global do servizo ou servizos afectados polo investimento no establecemento.

A explicación deberá centrarse no cambio real que o investimento introduce na actividade, proceso, servizo ou establecemento afectado, e non limitarse a afirmar que se trata dun investimento dixital.

Servizos de consultoría externa

No caso de servizos de consultoría externa, describa o resultado que se obterá, os entregables previstos e como se integrará o traballo no resultado final do proxecto. Non se deben presentar como consultoría subvencionable servizos permanentes, periódicos, recorrentes, mantemento ordinario, soporte xeral, publicidade ou formación.

Licenzas temporais, subscricións, servizos en nube ou SaaS

Se se inclúen licenzas temporais, subscricións, servizos en nube ou SaaS, identifique o período, o alcance, o seu carácter accesorio ou complementario e a relación directa coa implantación, validación ou estabilización inicial da solución. Cando a prestación supere o prazo de execución, deberá poder calcularse a parte proporcional correspondente a ese prazo.

Outros conceptos asociados, se proceden

Cando proceda, indique tamén se se inclúen gastos de coordinación dun hub de innovación dixital ou o custo dun informe de persoa enxeñeira colexiada independente, nos termos previstos nas bases.

No caso de orzamentos ou ofertas, convén que exista unha relación clara entre o alcance descrito na memoria e o contido económico achegado. Se o importe dun concepto esixe tres ofertas, procure que sexan comparables, datadas, identificadas e emitidas por provedores con capacidade suficiente e non vinculados.

Cadro resumo opcional de partidas

Partida ou gasto	Importe sen IVE	Natureza do concepto	Actuación asociada	Finalidade no proxecto
		Investimento material / investimento inmaterial / consultoría / SaaS ou servizo en nube / coordinación HID / informe técnico		

--	--	--	--	--

Orientación: este apartado debe facilitar a trazabilidade entre actuacións, propostas e gastos. Non debe converterse nunha recompilación de documentación comercial dos provedores nin nunha memoria económica excesivamente extensa.

6. Melloras esperadas e resultados verificables

Indique a situación de partida ou liña base, as melloras cualitativas e/ou cuantitativas esperadas, os resultados observables previstos e os indicadores, evidencias ou cambios funcionais que permitan comprobar esas melloras ao remate do proxecto.

As melloras deben gardar relación directa coas actuacións propostas, ser proporcionadas ao alcance do proxecto e poder verificarse mediante evidencias de funcionamento, datos operativos, integracións, rexistros, capturas, informes ou entregables.

Cadro resumo opcional de melloras

Ámbito/proceso	Situación de partida	Mellora esperada	Evidencia ou indicador

Orientación: se as melloras non poden formularse en termos numéricos, descríbanse en termos funcionais ou operativos verificables.

7. Coordinación por un hub de innovación dixital (só se procede)

Indique se o proxecto está coordinado por un hub de innovación dixital dos seleccionados ao abeiro da Estratexia galega de HID, que hub participa e que servizo presta no proxecto: coordinación, apoio á definición, apoio na selección de tecnoloxías e provedores ou seguimento da implementación.

Este apartado só procede cando o proxecto cumpra as condicións previstas nas bases, en particular que o importe subvencionable sexa igual ou superior a 60.000 €, excluído o gasto de coordinación do hub. Se se solicita este concepto, convén describir a súa achega real ao proxecto e a súa relación coas actuacións previstas.

Orientación: este apartado pode ser breve, pero debe permitir identificar o hub, o servizo prestado e a súa relación coa definición ou seguimento do proxecto.

8. Pertenza do proxecto a un sector industrial estratéxico declarado polo Consello da Xunta de Galicia

Indique se o proxecto presenta un encaixe material suficiente nun ou varios dos seguintes sectores industriais estratéxicos declarados polo Consello da Xunta de Galicia: construción naval, automoción, industria das TIC, metalmecánico, forestal-madeira, loxística industrial, industria da alimentación, téxtil e confección e industria da construción.

Explique de forma breve e concreta cal é a relación do proxecto co sector ou sectores indicados. Para iso, poderá facerse referencia á actividade da empresa, aos produtos ou servizos que ofrece, ao proceso afectado

polo proxecto, ao ámbito funcional sobre o que actúa a actuación ou á súa relación coa cadea de valor do sector correspondente.

Orientación: a mera cita nominal dun sector non é suficiente. Abonda cunha explicación breve que permita comprender con claridade a vinculación efectiva do proxecto co sector estratéxico correspondente.

9. Proxecto en concello emprendedor (só se procede)

Indique se o proxecto se pretende implantar ou desenvolver nun concello con condición de concello emprendedor e a localización concreta da implantación.

Orientación: este apartado pode ser moi breve.

10. Táboa final recomendada de correspondencia cos criterios

Co obxecto de facilitar a revisión, pode incorporarse ao final unha táboa sinxela que indique, para cada criterio de avaliación, o apartado da memoria no que se responde.

Criterio de avaliación	Apartado da memoria no que se responde
Contexto e obxectivos do proxecto (ata 15 puntos)	
Alcance e adecuación da solución (ata 20 puntos)	
Implantación do proxecto (ata 15 puntos)	
Melloras e resultados do proxecto (ata 10 puntos)	
Coordinación por hub de innovación dixital, se procede (5 puntos)	
Definición económica do proxecto (ata 8 puntos)	
Capacidade dos provedores (ata 4 puntos)	
Capacidade da persoa solicitante para executar o proxecto (ata 3 puntos)	
Pertenza a sector industrial estratéxico (15 puntos)	
Concello emprendedor (5 puntos)	

Orientación: este cadro é opcional, pero pode facilitar a lectura e revisión da memoria e axudar a que a documentación presentada responda directamente ao baremo.

Recomendacións finais

- Priorice a claridade e a coherencia fronte á extensión.
- Evite reproducir textos comerciais dos provedores sen adaptación ao proxecto concreto.
- Non repita a mesma idea en varios apartados se non achega información adicional.
- Explique sempre que se vai implantar, onde queda operativo, con que evidencias se poderá verificar e como se relaciona cada gasto co alcance do proxecto.
- Revise que memoria, formulario, orzamentos, ofertas e documentación complementaria contén a mesma información esencial sobre alcance, importes, prazos, provedores e resultados.